Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONSORCIOS

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Convocatoria do procedemento de provisión definitiva de postos vacantes de bombeiro condutor, por mobilidade, mediante concurso de méritos

ANUNCIO

Por Decreto da Presidencia núm.301/2026 de 29/07/2026 aprobouse a convocatoria do procedemento de provisión definitiva de postos vacantes de bombeiro condutor no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, por mobilidade, mediante concurso de méritos, entre o persoal do Consorcio, así como as bases que rexerán a citada convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

As bases que rexerán a convocatoria son as que de seguido se transcriben:

BASES QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DE POSTOS VACANTES DE BOMBEIRO CONDUTOR NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, POR MOBILIDADE, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, ENTRE O PERSOAL DO CONSORCIO.

PRIMEIRA. OBXECTO.

Constitúe o obxecto destas bases regular as condicións das convocatoria para a provisión definitiva de postos vacantes de bombeiro condutor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña por mobilidade, mediante concurso de méritos, entre o persoal do Consorcio.

Esta convocatoria créase co único propósito de cubrir postos na categoría de bombeiro condutor que permanecen vacantes.

En materia de méritos avaliables, as presentes bases serán as únicas de aplicación para determinar a prelación do concurso.

SEGUNDA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Poderá participar no concurso de traslados o persoal laboral fixo do Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña con categoría de bombeiro condutor, que deberá ter permanecido no último posto obtido con carácter definitivo un mínimo de dous anos.

A participación no concurso terá carácter voluntario.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DO POSTO E RETRIBUCIÓNS.

Postos ofertados bombeiro condutor:

SPEIS	CATEGORÍA	CÓDIGO POSTO	ESTADO
SPEIS 01 CARBALLO	BOMBEIRO	2005.01.13	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.01.14	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.01.15	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.01.16	VACANTE
SPEIS 02 ARTEIXO	BOMBEIRO	2005.02.14	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.02.15	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.02.16	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.02.17	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.02.18	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.02.19	VACANTE

Número de anuncio 2026/5046

SPEIS	CATEGORÍA	CÓDIGO POSTO	ESTADO
SPEIS 03 BOIRO	BOMBEIRO	2005.03.02	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.03.13	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.03.14	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.03.15	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.03.16	VACANTE
SPEIS 04 RIBEIRA	BOMBEIRO	2005.04.07	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.04.08	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.04.09	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.04.10	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.04.11	VACANTE
SPEIS 05 ORDES	BOMBEIRO	2005.05.08	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.05.13	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.05.14	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.05.15	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.05.16	VACANTE
SPEIS 06 ARZÚA	BOMBEIRO	2005.06.07	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.06.13	VACANTE
SPEIS 07 BETANZOS	BOMBEIRO	2005.07.04	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.07.06	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.07.13	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.07.14	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.07.15	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.07.16	VACANTE
SPEIS 08 AS PONTES	BOMBEIRO	2005.08.07	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.08.08	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.08.09	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.08.12	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.08.13	VACANTE
SPEIS 09 CEE	BOMBEIRO	2005.09.03	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.09.11	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.09.12	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.09.13	VACANTE
SPEIS 10 SANTA COMBA	BOMBEIRO	2005.10.12	VACANTE
	BOMBEIRO	2005.10.13	VACANTE

As retribucións e condicións laborais serán as propias da categoría segundo a relación de postos de traballo en vigor.

Número de anuncio 2026/5046

CUARTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E DOCUMENTACIÓN.

4.1.- Os/as concursantes presentarán a súa solicitude de participación con arranxo ao modelo oficial que se achega como Anexo, que estará ao dispor das persoas interesadas no Rexistro Xeral do Consorcio , así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

4.2.- As solicitudes presentaranse no prazo de 10 días hábiles, que se iniciará ao día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4.3.- De conformidade co artigo 14.2.e) da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as instancias solicitando participar no proceso dirixiranse ao Presidente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña e presentaranse, debidamente cubertas, no Rexistro Electrónico Xeral do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña. (https://sede.cciacoruna.com/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral).

4.4.- Os méritos alegados polos/as aspirantes achegaranse á solicitude, con indicación do posto ou postos aos que optan por orde de prioridade. Non se valorarán aqueles méritos non relacionados na instancia. Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse o "documento de autobaremación" (Anexo II), sendo motivo de exclusión o feito de que os/as solicitantes non o presenten, debidamente cuberto, sen prexuízo de que esta non ten porque coincidir coa proposta que formule a comisión de valoración.

4.5.- O persoal concursante só poderá presentar unha única solicitude de participación. No caso de presentar máis dunha solicitude, só se terá en conta a última.

QUINTA. DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA.

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase a lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña da sede electrónica (Sede electrónica Consorcio Provincial Contraincendios y Salvamento de A Coruña - Inicio (cciacoruna.gal).

As persoas excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar o defecto que motivase a exclusión, de ser o caso.

De non existir estas ou unha vez emendadas, transcorrido o prazo expresado no apartado anterior, procederase á publicación da resolución de aprobación da lista definitiva, así como a composición da comisión de valoración. Na devandita Resolución da Presidencia sinalarase tamén o lugar, data e hora para a convocatoria da comisión de valoración para proceder a valoración dos méritos acreditados polos aspirantes.

A efectos de cómputo de prazos, considerarase data de publicación a do Taboleiro de anuncios do Consorcio Provincial da sede electrónica.

Unha vez rematado o prazo, a comisión de valoración reunirase para avaliar os méritos. Seguidamente fará pública a puntuación global dos/as aspirantes en relación ao posto solicitado, por orde decrecente, no taboleiro de anuncios do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña da sede electrónica (Sede electrónica Consorcio Provincial Contraincendios y Salvamento de A Coruña - Inicio (cciacoruna.gal), outorgando tres días hábiles para que os concursantes poidan formular alegacións ou reclamacións. Transcorrido o devandito prazo e realizadas, no seu caso, as correccións oportunas, elevará a súa proposta á Presidencia do Consorcio para a súa aprobación, a cal será publicada no BOP.

SEXTA. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Os méritos serán valorados pola Comisión de Valoración prevista no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e nos artigos 20 a 24 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto e 46 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo.

A composición da Comisión de Valoración axustarase ao principio de composición equilibrada de mulleres e homes consonte a normativa reguladora da igualdade de mulleres e homes.

A Comisión de Valoración poderá contar con expertos designados pola autoridade convocante, previa solicitude da Comisión, os cales actuarán con voz pero sen voto, en calidade de asesores.

Os membros da Comisión, así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a esta, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pago de asistencias e dietas na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

SÉTIMA. BAREMO DE MÉRITOS

O concurso realizarase conforme ao seguinte baremo:

Número de anuncio 2026/5046

7.1. Experiencia profesional. Máximo 55 puntos.

· Servizos prestados nos Servizos de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento das Administracións Públicas (SPEIS), en postos de traballo vinculados á categoría de bombeiro condutor, en calquera servizo SPEIS, desempeñando o posto a través de calquera dos sistemas de provisión establecidos na lexislación vixente, a razón de 0,30 puntos por cada mes completo de servizos prestados, sen contar a fracción, independentemente da súa natureza civil ou laboral.

7.2. Proximidade ao domicilio habitual. 15 puntos.

· Proximidade da localidade onde se atopa o posto solicitado ao domicilio habitual do solicitante. Ata un radio de 50 km.

7.3. Familiares a cargo. 25 puntos.

· familiares ata o segundo grao de consanguinidade a cargo do solicitante.

· fillos menores de 12 anos.

7.4.- Formación.5 puntos.

· Valoraráse a superación de cursos organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), Axencia do coñecemento en Salud (ACIS), Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), as escolas oficiais de formación similares das distintas comunidades autónomas, universidades públicas, os cursos impartidos no marco do Convenio de Formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e os cursos impartidos polas organizacións sindicais, sempre que estean homologados pola EGAP ou a AGASP.

  En cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, valoraráse a razón de 0,01 punto por cada hora de formación.

  Non se valorará:

  - A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares
  - As materias ou créditos que formen parte dunha titulación académica e os cursos de doutorado, nin os módulos ou partes integrantes dun curso.
  - Os cursos que formen parte de módulos ou créditos que dean acceso a titulacións académicas oficiais ou convalidables por créditos universitarios.
  - Os cursos que formen parte dos procesos de selección do persoal laboral.

7.5.- Empate na Puntuación.

Os empates que se produzan na puntuación dos concursantes resolverase tendo en conta a puntuación nos seguintes apartados, na orde indicada:

1º.- Experiencia profesional

2º.- Maior proximidade do domicilio habitual ao posto solicitado.

En caso de empate nestas seccións, resolverase por sorteo.

OITAVA. ACEPTACIÓN E INCORPORACIÓN AO POSTO.

Unha vez elevada pola comisión de valoración a proposta de provisión de postos, ordenadas por orde decrecente, aprobarase mediante Decreto da Presidencia.

Unha vez notificada a adxudicación dos postos, será necesaria a aceptación expresa por parte do interesado no prazo máximo de 3 días hábiles. A aceptación deberá manifestarse a través do rexistro da sede electrónica do Consorcio.

A incorporación ao novo posto deberá realizarse nun prazo non superior a 3 días hábiles no caso de residir no mesmo municipio ou dun mes no caso contrario, debendo manifestar a data de incorporación na comunicación de aceptación do posto asignado.

NOVENA. RECURSOS

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante as seccións da orde xurisdicional contencioso administrativa do tribunal de instancia correspondente, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Número de anuncio 2026/5046

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DO PROCESO DE PROVISIÓN DEFINITIVA DE POSTOS VACANTES DE BOMBEIRO CONDUTOR NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, POR MOBILIDADE, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS,, ENTRE O PERSOAL DO CONSORCIO.

IDENTIFICACIÓN DA PERSOA INTERESADA

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	
DNI:	Data de nacemento:	Idade:	Provincia de nacemento:
Domicilio actual (Calle y número):		Municipio (con Código Postal):	
Provincia:	Tlf. fixo: Tlf. móbil:	Correo electrónico:	
Postos que se solicitan por código e orde de prioridade:	1.-	2.-	
3.-	4.-	5.-	
6.-	7.-	8.-	
9.-	10.-		

O abaixo asinante, ten coñecemento das bases e da convocatoria que rexen o proceso para:
A PROVISIÓN DE POSTOS VACANTES NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, POR MOBILIDADE, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, ENTRE O PERSOAL DO CONSORCIO.
E declara baixo a súa responsabilidade:
Primeiro. - Que coñece e acepta integramente as bases da convocatoria.
Segundo. - Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos en ditas bases e convocatoria, referidos a data de expiración do prazo de presentación de instancias.
Terceiro. - Que son certos os datos consignados nesta solicitude, asumindo as responsabilidades as que dea lugar, en caso de falsidade nesta ou na documentación presentada, sendo excluído automaticamente do proceso selectivo.
Cuarto.- Que acepto, expresamente, as comunicacións telemáticas ao número de teléfono móbil consignado e as notificacións electrónicas fidedignas a conta de correo electrónico consignada.
Quinto. - Que non fun inhabilitado/a, nin separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública.
Sexto. - Que a documentación subministrada é copia fiel da orixinal, comprometéndome a aportar os orixinais da documentación, no seu caso, a requirimento do Consorcio Provincial.

SOLICITA

Que sexa admitida esta solicitude ao proceso de provisión e que se teña por presentada a seguinte documentación:
Copia do documento acreditativo da nacionalidade do aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, etc.
Copia da documentación acreditativa dos méritos alegables pola persoa interesada, segundo o baremo que figura no Anexo II en relación coa base sétima.

Carballo, na data da sinatura electrónica.
(SINATURA DO/A INTERESADO/A) *(Asinado electricamente)*

SR. PRESIDENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Número de anuncio 2026/5046

ANEXO II

DOCUMENTO DE AUTOBAREMACIÓN

EXPERIENCIA PROFESIONAL. Máximo 55 puntos			
Servizos prestados nos Servizos de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento das Administracións Públicas (SPEIS), en postos de traballo vinculados á categoría de bombeiro condutor en calquera servizo SPEIS, desempeñando o posto a través de calquera dos sistemas de provisión establecidos na lexislación vixente, a razón de 0,30 puntos por cada mes completo de servizos prestados, sen calcular a fracción, independentemente da súa natureza civil ou laboral	**Documento número (1)**	**Meses completos**	**Puntuación (2)**
Total Experiencia Profesional ……..……			

1.- Enumeraranse certificados/documentos facilitados, indicando o seu número de documento e meses. Os servizos prestados no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (dende 01.01.2020), verificaranse de oficio sen necesidade de presentar certificado, pero será necesario reflectilos no documento de autobaremación.

2.- Multiplicaranse os meses completos traballados pola puntuación correspondente.

PROXIMIDADE AO DOMICILIO HABITUAL. 15 puntos.			
Proximidade do posto ao domicilio habitual do solicitante ata un radio de 50 km	**DOMICILIO(1)**	**KM ata o SPEIS**	**Puntuación (2)**
Total proximidade ao domicilio habitual ……..……			
FAMILIARES A CARGO. 25 puntos.			
Valoraranse familiares a cargo do solicitante ata o segundo grao de consanguinidade, fillos menores de 12 anos ou maiores dista idade con discapacidade.	**Familiar a cargo. (3)**		**Puntuación**
Total familiares a cargo ……..……			

FORMACIÓN. 5 puntos		
Valoraráse a superación de cursos organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), Axencia do coñecemento en Salud (ACIS), Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), aas escolas oficiales de fdormación similares das distintas comunidades autónomas, universidades públicas, os cursos impartidos no marco do Convenio de Formación para o empñrego das administracións públicas (AFEDAP) e os curso impartifos polas organizacións sindicais, sempre que estean homologados pola EGAP ou a AGASP.	**Formación. (4)**	**Puntuación**
Total formación……..……		

Número de anuncio 2026/5046

1.- A proximidade do domicilio habitual xustificarase con volante de empadroamento.

2.- Calquera distancia dentro do radio de 50 km asignaralle 15 puntos.

3.- Familiares a cargo: Libro de familia, xustificante de dependencia ou outra documentación que acredite suficientemente estas circunstancias.

Independentemente do número de familiares a cargo a puntuación será de 25 puntos.

4.- Formación: Diplomas ou certificados nos que aparezan tanto o temario como as horas lectivas.

Carballo, a 29 de xullo de 2026.

O presidente,

Asdo.- Valentín González Formoso.

2026/5046